



## Protocolo de seguridade e hixiene COVID-19

Santiago de Compostela a 23 de xuño de 2020

### A túa seguridade e benestar é o primeiro

En Inferniño Apartments queremos que volvas viaxar e a gozar dun merecido tempo de descanso fóra da casa.

Por iso, extremamos as medidas de seguridade e hixiene en todos os nosos apartamentos.

Queremos que nos nosos apartamentos te sintas seguro, que volvas viaxar coa confianza de antes. Aínda que as formas cambiaron, en Inferniño traballamos para que a experiencia dos nosos clientes siga sendo igual de satisfactoria.

Ademais de cumprir as pautas de hixiene de costume e os consellos de saúde pública, seguindo os consellos dos expertos en prevención e actuación contra infeccións virais, organizamos un “Equipo de Xestión de Crise”.

#### 1. Empregados e colaboradores:

- Reforzamos as medidas de seguridade e hixiene en todas as áreas de traballo, así como nas zonas comúns. Tras cada quenda se desinfectarán todas as áreas de traballo ás que teñen acceso os nosos empregados.
- O uso de máscaras e luvas será obrigatorio e dispoñeranse elementos de prevención nas zonas de traballo que teñan maior exposición ao público, así como nas áreas máis críticas.
- Tomarase a temperatura dos empregados antes de cada turno.

#### 2. Área de recepción:

- Se é posible e durante o período inicial, faremos o check-in e o check-out en modalidade non presencial para evitar o contacto directo.
  - Días antes da súa chegada o cliente recibirá todas as indicacións necesarias para a súa estancia.
  - Efectuará o pago facilitándonos os datos da súa tarxeta de crédito ou mediante transferencia bancaria.
  - Se fose necesario facelo presencial, o noso persoal respetará a distancia de seguridade co cliente e haberá dispoñibles na recepción xel hidroalcohólico e máscaras.
- Priorizarase o pago con tarxeta ou outros métodos electrónicos na medida do posible
- Redución dos elementos de cartelería, que estarán dispoñibles baixo demanda do cliente.
- Durante o check-in tomarase a temperatura a todos os clientes con termómetro óptico.
- Manterase unha limpeza e desinfección frecuente de todas as superficies con produtos específicos.
- Todas as tarxetas das habitacións se desinfectarán despois do seu uso.
- O noso equipo de recepción dispón dos teléfonos dos servizos sanitarios da súa zona por se calquera hóspede puidese necesitalos.
- Para salvaguardar a seguridade do resto de hóspedes e empregados, as recepcións teñen a súa disposición un protocolo de atención a clientes que pidesen ser sospeitosos de ter calquera necesidade médica, especialmente se se detecta que puidese ser unha enfermidade vírico-infecciosa.



## Protocolo de seguridade e hixiene COVID-19

Santiago de Compostela a 23 de xuño de 2020

### 3. Zonas comúns (interiores e exteriores):

- Extremaranse as medidas de limpeza e hixiene en todas as zonas comúns tanto interiores como exteriores, todos os días.
- En todos os espazos limitarase o aforo para asegurar as normas de distanciamento social.

### 4. Apartamentos:

- Extremáronse os protocolos de limpeza das habitacións e apartamentos tras a saída de calquera hóspede, seguindo as recomendacións da OMS e das autoridades sanitarias, facendo fincapé naqueles elementos susceptibles de contaxio como superficies de mobles, mandos a distancia, pomos de portas, lavabos, interruptores, etc. que serán limpados con produtos homologados polas autoridades sanitarias.
- O lavado de vaixela farase con todas as garantías de limpeza posibles para evitar posibles contaxios tanto do persoal de limpeza como de futuros clientes.
- Se o cliente o preferise, no seu aloxamento substituímos o enxoval de vidro (vasos e cubertos) por plásticos desechables (con posible custo adicional).
- Coas empresas de limpeza e lavandería establecéronse estritos protocolos para garantir unha barreira sanitaria. No protocolo de recollida de roupa defínese un percorrido para o transporte da roupa sucia desde o seu punto de produción ata a lavandería, establecendo especificamente o circuíto para evitar no posible o cruzamento de liñas de roupa sucia e limpa.
- O persoal de limpeza foi amplamente formado nos protocolos de prevención e están dotados de equipos de protección individual para garantir a súa seguridade.
- Elimínase a roupa de segunda dotación (mantas, almohadas, etc.) e as perchas da habitación serán debidamente desinfectadas.
- A cartelería da habitación minimízase para evitar risco de contaxio.
- Os elementos decorativos non indispensables retíranse das habitacións para minimizar o risco de contaxio.
- Ao entrar nunha habitación, fíxose ventilación mentres dure a limpeza.

Asinado pola dirección de Inferniño Apartments:



**PANORÁMICA  
GESTIÓN**

PANORÁMICA GESTIÓN, S.L.  
CIF: B-70583877  
Plaza Marcial Villamor Varela  
1ºD - Baixo. 15703  
Santiago de Compostela



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Panorámica Gestión S.L. foi beneficiaria da axuda para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá do plan de reactivación do sector turístico COVID19 cofinanciado polo Concello de Santiago.